1. Ficha técnica

TÍTULO: ***Alborada***.

SUBTÍTULO: Todo por y para Galicia.

LUGAR: Bos Aires (Arxentina).

ANO: 1907.

NÚMEROS PUBLICADOS: "número único", advirte xa na cuberta, na cabeceira.

DATACIÓN DO NÚMERO: 8 de xuño de 1907.

DIRECTOR: responsable único e director foi Fernando Lorenzo. A iniciativa desta publicación tivo carácter benéfico, para axudar á "Comisión de Homenaje a Pascual Veiga".

FORMATO DE PÁXINA: 27.2 x 18 cms.

NÚMERO DE PÁXINAS: 13.

IMPRENTA: Establecimiento Gráfico J. Estrach, Humberto 966.

LINGUA: castelán, con dous poemas en galego.

ILUSTRACIÓNS: fotos de Pascual Veiga e Mondoñedo. Partitura da "Alborada Gallega": letra de Francisco María de la Iglesia, música de Chané.

COLABORADORES LITERARIOS: Santiago Abella, Julio de la Cuesta, Alfredo García Dóriga, Valentín González, Julia Hernando Ayala, Francisco María de la Iglesia, Fernando Lorenzo, María de los Ángeles Vázquez, Avelino Veloso.

PUBLICIDADE: non ten.

PREZO: 40 centavos.

CABECEIRAS HOMÓNIMAS: cotexando diversos rexistros xerais da prensa galega atopamos arredor dunha ducia de publicacións con esta cabeceira. A máis madrugadora é esta de 1907 do Orfeón Mindoniense que homenaxea a Pascual Veiga. Poucos anos despois, en 1912, temos na Habana *La Alborada*, da que é redactor xefe Fray Roblanto (Roberto Blanco Torres).

Nos anos vinte aparece, en Pontevedra, unha excelente *Alborada* (1922) que, fundada polo escolleito lírico Xoan Vidal Martínez, tira catro números. Trátase dun mensuario nacionalista de carácter literario e ilustrada con gravados ao linóleo. En 1990 a editorial Sotelo Blanco presentou unha edición facsímile desta publicación para a que X. Filgueira Valverde fixo un interesante escrito de presentación. Un ano despois (1923) temos en Monforte de Lemos unha *Alborada* que se define como diario rexionalista.

Nos anos trinta, na prensa luguesa, apareceron: *Alborada* (1931), subtitulado "Diario de Galicia" e *Alborada* (1935), diario monárquico que dura un ano e chega até o número 226. As dúas cabeceiras están directamente relacionadas co deputado conservador José Soto Reguera e o seu grupo político, que foi o que as promoveu.

No ámbito da emigración reencontramos a cabeceira. Así, en 1925 temos *Alborada*, revista informativa e cultural voceira da Sociedad Agraria y Cultural

Hijos del Partido de Corcubión en Bos Aires. O seu primeiro director foi A. Díaz Novo e entre os seus colaboradores figuran A Zapata García, F. Delgado Gurriarán, Xesús Bal y Gay, Amado Carballo, Otero Pedrayo, etc. Continúa aínda hoxe a súa xeira.

En Brasil temos, en 1955, *Alborada*, "Órgano de la Casa de Galicia de San Pablo", publicación que reaparece nunha segunda etapa en 1963, editada pola mesma Casa de Galicia e agora dirixida por Ángel Nieto Vicente. Xa nos anos setenta, igualmente en São Paulo, aparecía *Alborada*, voceira da Sociedad Hispano Brasileira de Socorros Mutuos, Instrução e Recreio, que dirixía Olegario Joel Val García.

Xa en Venezuela, *Alborada* (1974) foi a publicación voceira do Centro Galego de Maracaibo, dirixida por A. Pérez Estévez.

De novo en Galicia, *Alborada* pertence á prensa clandestina como publicación vencellada ao Partido Comunista Galego; máis concretamente foi promovida, en 1967, pola Unión de Mujeres Democráticas de Galicia. En 1967 reaparece na Coruña e Ferrol, distribuída polo Movemento Democrático de Mulleres.

Societaria e literario-cultural é a *Alborada* auspiciada polo Centro Galego de Barcelona en 1948. Tivo varias etapas e no ano 1989 reaparecía, integramente escrita en galego, dirixida por Ramiro López López. O primeiro director foi Antonio Lorenzo e na nómina de colaboradores comparecen X. Costa Clavell, Ramón Piñeiro, M. Casado Nieto, Ramón Cabanillas, Álvaro Cunqueiro, Otero Pedrayo, V. Risco, Manuel María, R. Dieste e moitos outros.

LOCALIZACIÓN: o único número desta publicación áchase na Biblioteca da Real Academia Galega.

2. Nota a esta edición

Xuntamente con *Alalá*, cronoloxicamente posterior, esta *Alborada* é representativa do que podemos chamar a prensa musical galega da emigración na Arxentina. Se aquela viña promovida pola agrupación coral *Os Rumorosos*, esta conta co patrocinio do *Orfeón Mindoniense*, ao que fixemos referencia nas páxinas introdutorias a *Alalá*, onde tamén aludimos á citada coral. A diferenza entre as dúas cabeceiras (contando, claro é, coa circunstancia de que as dúas morreron no seu primeiro e único número) é que *Alborada*, como era previsible polo seu título, xorde para homenaxear ao músico mindoniense Pascual Veiga (Mondoñedo, 1842 – Madrid, 1906)[1], director de orfeóns, organista e compositor.

Os auspiciadores destas modestas páxinas de *Alborada* eran conscientes da súa condición efémera, ocasional, pois como lemos en "Nuestro propósito", "La Alborada, no tiene campo de acción posible, muere al nacer", consideración que cadra co feito da iniciativa de Fernando Lorenzo, que solicita o permiso da Comisión Directiva da sociedade Orfeón Mindoniense "para editar por su cuenta y en un folleto, todas las composiciones literarias que se lean en la gran velada que en honor y memoria del insigne artista (Pascual Veiga)"[2] terá lugar o día 8 de xuño de 1907, nos locais da Sociedade Orfeón Mindoniense.

[1] Recentemente ten tido lugar en Santiago de Compostela, entre os días 1 e 3 de marzo de 2007, o congreso "Pascual Veiga e a súa época", organizado pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela e a Escola de Altos Estudos Musicais, no que se teñen realizado numerosas achegas sobre a figura de Veiga e, principalmente, sobre o proceso de composición do himno galego. Unha ficha biográfica do mestre, contemporánea á publicación que estamos a presentar, pode acharse tamén en *Apuntes para la historia del Centro Gallego de La Habana (1879-1909)*, Imprenta "Avisador comercial" de Miranda, López Seña y Compañía, A Habana, 1909, p. 200.
[2] Vx. "Agradecimiento", de Valentín González, en *Alborada*, p. 2.

Alborada non é senón ese "folleto" que recolle discursos, poemas, monólogos dramáticos, partituras e intervencións de diverso tipo que acolleu a "velada" de homenaxe ao músico de Mondoñedo.

Fernando Lorenzo Rico, que promoveu a publicación de *Alborada* era natural de Mondoñedo e chegara de rapaz a Bos Aires, onde en 1913 organizou unha velada para recordar a Leiras Pulpeiro. Residiu en Bahía Blanca e máis en Dorrego. Morreu no sanatorio do Centro Galego de Bos Aires en 1951, institución da que foi un dos fundadores, así como da Sociedad de Mondoñedo y sus Distritos. Propiciou a creación da Editorial Céltiga e colaborou na prensa axudando a numerosas sociedades galegas. Republicano e galeguista, foi amigo de Manuel Castro López.

Concibida como foi, como un feito illado, *Alborada* non representou, dende logo, "en el campo periodístico un triunfo definido". Quixo ser unha iniciativa de curto alcance, pioneira, preludio doutras empresas de máis entidade previsibles no futuro. Un grupo de galegos amantes da música, en Bos Aires, deixaron constancia da súa ilimitada admiración por Pascual Veiga. *Alborada* recolle ese testemuño.

Aproveitaremos o espazo desta *Alborada* para subliñar a alta estima e a constante lembranza que de Pascual Veiga mantiveron os galegos de Cuba e de Arxentina. Neste sentido cómpre recordar que foi Eligio Paz Hermo o que dirixiu os tres orfeóns galegos (o *Gallego*, o *Gallego Primitivo* e o *Mindoniense*; en total, 120 orfeonistas) que interviñeron na velada que, para conmemorar o pasamento do músico mindoniense, tivo lugar no Teatro Victoria de Bos Aires o 31 de outubro de 1906, velada na que se deron os primeiros pasos para a refundación do Centro Galego bonaerense.

Polo que se refire a Cuba[3], o día 20 de decembro de 1907 celébrase no Centro Galego da Habana, a instancias de José Salgueiro, unha velada conmemorativa de Pascual Veiga na que se tenta achegar cartos para sufragar o traslado dos restos do músico a súa Mondoñedo natal. Curros recita o seu poema "Alborada" e os mestres Chané e Tomás dirixen a parte musical do acto, en cuxa comisión organizadora figuran Manuel Lugrís Freire, Constantino Añel e Fontenla Leal[4]. Este último presenta á Xunta Directiva do Centro unha moción para que a "Marcha" ou "Himno Rexional" (música de Pascual Veiga, letra de Eduardo Pondal), peza interpretada por vez primeira na referida velada de 20 de decembro, sexa declarada himno oficial do Centro. A moción é aprobada.

Xa con anterioridade, concretamente o día 8 na cerimonia de colocación da primeira pedra –traída das canteiras de Parga (Lugo)– do futuro edificio do Pazo Social do Centro Galego, actuou a Banda Municipal da Habana dirixida polo mestre Guillermo Tomás, que interpretou a *Alborada* de Pascual Veiga. O mestre Chané dirixira naquel acto o *Orfeón Ecos de Galicia*.

---

[3] A consulta das páxinas de *Cultura Gallega* (1936-1940) é imprescindible para coñecer a vitalidade da música galega en terras de Cuba e o labor e as actividades desenvolvidas aló polos nosos músicos.

[4] En *Apuntes para la historia del Centro Gallego de La Habana (1879-1909)*, *op. cit*, pp. 82-84 dise con respecto a esta velada: "A virtud de solicitud presentada por varios socios, á iniciativa del Sr. José Salgueiro, el 20 de Diciembre siguiente celebró el Centro una gran Velada literario-musical en honor del inspirado autor de la *Alborada Gallega*, el nunca bien llorado maestro Pascual Veiga, con el fin de que los productos obtenidos en aquella fiesta se dedicasen á la traslación de sus restos á Mondoñedo, su pueblo natal, y erigirle un monumento como recuerdo imperecedero de su gloriosa memoria". E en referencia á intervención de Curros na mesma: "Pero el número más notable, si se quiere, fué el llenado por aquel Rey de la poesía gallega, el inolvidable Curros Enríquez. Su poesía, escrita para aquel acto, dedicada *A Alborada* y recitada por él, mereció estruendosos aplausos".

3. Índices

3.1. Sumario[1]

- "Nuestro propósito. Por Galicia y por el arte", La Redacción
- "Agradecimiento", Valentín González
- "Señores de Comisión del Beneficio que el Orfeón Mindoniense dedica a Pascual Veiga", Fernando Lorenzo, [carta]
- "Sr. Fernando Lorenzo", María de los Ángeles Vázquez e outros, [carta a Fernando Lorenzo]
- "Algunos datos biográficos de Pascual Veiga", María de los Ángeles Vázquez, [con ilustración fotográfica]
- "Es justo", s.s, [con fotografía de Pascual Veiga]
- "Discurso de apertura", María de los Ángeles Vázquez
- "Alborada", Francisco María de la Iglesia, [ilustrado coa partitura musical de Pascual Veiga]
- "Etimología de la palabra Alborada", Santiago Abella
- "En América (Monólogo para a velada do Orfeón Mindoniense en honra a Pascual Veiga)", Julia Hernando Ayala
- "Improvisación", Alfredo García Dóriga, [á memoria de Pascual Veiga, poema]
- "Noso reiseñol", Avelino Veloso, [poema]
- "La Alborada", Julio de la Cuesta
- "Mi gratitud", Fernando Lorenzo
- [Carátula da invitación coa que convida o Orfeón Mindoniense á velada dedicada ao mestre P. Veiga], s.s

[1] A revista non numera as súas páxinas.

3. 2. Colaboradores

ABELLA, SANTIAGO

"Etimología de la palabra Alborada"

CUESTA, JULIO DE LA

"La Alborada"

GARCÍA DÓRIGA, ALFREDO

"Improvisación", [á memoria de Pascual Veiga, poema]

GONZÁLEZ, VALENTÍN

"Agradecimiento"

HERNANDO AYALA, JULIA

"En América (Monólogo para a velada do Orfeón Mindoniense en honra a Pascual Veiga"

IGLESIA, FRANCISCO MARÍA DE LA

"Alborada", [ilustrado coa partitura musical de Pascual Veiga]

LORENZO, FERNANDO

"Señores de la Comisión del Beneficio que el Orfeón Mindoniense dedica a Pascual Veiga", [carta]

"Mi gratitud"

LA REDACCIÓN

"Nuestro propósito. Por Galicia y por el arte"

S.S.

"Es justo", [con fotografía de Pascual Veiga]

[Carátula da invitación coa que convida o Orfeón Mindoniense á velada dedicada ao mestre P. Veiga]

VÁZQUEZ, MARÍA DE LOS ÁNGELES

"Sr. Fernando Lorenzo", [carta a Fernando Lorenzo]

"Algunos datos biográficos de Pascual Veiga", [con ilustración fotográfica]

"Discurso de apertura"

VELOSO, AVELINO

"Noso reiseñol", [poema]